

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SORPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS.

Exp. núm.: 2021033561

A presente Memoria substitúe e deixa sen efecto a Memoria xustificativa de data 18/08/2021 csv 2ZBDZESFZOI7ELP7, debido a modificacións suxeridas no informe do Secretario csv WN1UUQLYS9U47J9Y e as aclaracións recollidas no informe complementario de novas tenoloxias csv U29UEKOFIABOMY4 e o informe aclaratorio de contratación csv IWWNSZTFUE6gZ6G6.

1. Servizo solicitante:

Novas Tecnoloxias

2. Necesidade e idoneidade do contrato:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local en relación co Padrón municipal e o Real Decreto 2612/1996, de 20 de decembro, pola que se modifica o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, establece no seus arts. 54 e 60 que toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no padrón do municipio no que resida habitualmente e que os Concellos son os encargados da formación, actualización, revisión e custodia do padrón municipal, cuxa xestión debe ser realizada por medios informáticos.

Así mesmo a lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula o dereito dos cidadáns a relacionarse cas distintas administracións a través de medios electrónicos. Para asegurar este dereito, establécese a obriga das administracións públicas de prover os medios necesarios para facilitar este modo de interacción ca cidadanía.

A maioría das entidades locais da provincia, debido ás súas características, non contan con recursos propios suficientes para afrontar con éxito os requisitos que establece dita Lei. En previsión desta circunstancia, o artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece a competencia das Deputacións Provinciais na prestación de servizos de administración electrónica y a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

O obxecto do contrato, é levar a cabo a contratación dos servizos para a implantación, migración de datos, posta en marcha, formación e mantemento dun sistema informático para xestionar o padrón municipal de habitantes en adiante PMH, e a súa integración coa plataforma de administración electrónica existente nos Concellos, o que lles permitirá dispoñer dun servizo mais eficaz e eficiente para a xestión do padrón municipal, reducindo os tempos de espera da cidadanía, optimizando o gasto e os recursos existentes co fin de mellorar a relación da administración coa cidadanía.

O conxunto de servizos a prestar pola empresa adjudicataria, aparecen reflexados en detalle no prego de prescricións técnicas, sendo de maneira sumaria as seguintes:

- Migración de datos existente na aplicación de PMH existente en cada concello.
- Implantación, parametrización e posta en marcha da aplicación necesaria para xestionar o PMH.
- Xestión do cambio mediante un plan de formación e comunicación orientado ao persoal do concello para o aprendizaxe dos aspectos técnicos e funcionais da nova ferramenta para a súa correcta posta en funcionamento.

MEMORIA XUSTIFICATIVA_1.9Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV): CYWX3LKA7AKP5KK5

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO • Pazo provincial • Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra • Teléfono: +34 986 804 100 • contratacion@depo.es • www.deputacionpontevedra.es

- Soporte ás personas usuarias que resolva aquelas consultas, incidencias e solicitudes de información derivadas do uso e explotación do sistema, tanto por vía telefónica como telemática.
- Servizo de mantemento correctivo, evolutivo e perfectivo que garanticen a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades.
- Transferencia tecnolóxica e de coñecemento por parte da empresa adxudicataria á posible seguinte empresa adxudicataria e á Deputación de Pontevedra, en caso de que unha vez finalizado o contrato, resultase adxudicataria unha empresa diferente á adxudicataria deste procedemento.

Todos os servizos descritos con anterioridade, prestaranse en modalidade SaaS (Software as a Service, software como un servizo), sen que a Deputación de Pontevedra ou os Concellos deban asumir custe algún de instalación ou dotación de infraestrutura hardware ou software derivada do uso do sistema ofertado.

O sistema ofrecido permitirá dar soporte aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

O Xefe do Servizo de novas tecnoloxías informa que a externalización dos presentes traballos faise necesaria debido a que non existen medios materiais, tanto humanos como técnicos, na Deputación de Pontevedra para abordar os mesmos coas debidas garantías atendendo aos principios de eficacia e eficiencia, posto que suporía un elevado custe económico: a contratación de máis perfís profesionais para o desenvolvemento dunha aplicación propia e asumir a migración de todos os datos á nova ferramenta, a contratación de máis persoal formador para as persoas usuarias nos concellos e a contratación de máis persoal para atender un Centro de Soporte ao Usuario (CAU).

Por outra banda, respecto á posibilidade de existencia de programas ou solucións titularidade doutras administracións que puideran satisfacer as necesidades que se pretenden co presente contrato dacordo co establecido no artigo 157.3 da Lei 40/2015, realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia Tecnoloxía(CTT):

https://administracionelectronica.gob.es/ctt/solucionesTodas.htm?verTodas=true#.YIITI_GaP6Uk, sendo esta infructuosa.

3. Obxecto do contrato:

Réxime xurídico:	Lei 9/17, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. <input checked="" type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO <input type="checkbox"/> ADMINISTRATIVO ESPECIAL <input type="checkbox"/> PRIVADO
Tipo:	<input type="checkbox"/> OBRA <input checked="" type="checkbox"/> SERVIZO <input type="checkbox"/> SUBMINISTRACIÓN <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE OBRAS <input type="checkbox"/> CONCESIÓN DE SERVIZOS <input checked="" type="checkbox"/> MIXTO (a prestación principal corresponde ao contrato de servizos)
Regulación harmonizada:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Obxecto e contido:	O obxecto do contrato, é levar a cabo a contratación dos servizos para a implantación, migración de datos, posta en marcha, formación e mantemento dun sistema informático para xestionar o padrón municipal de habitantes en adiante PMH, e a súa integración coa plataforma de administración electrónica existente nos Concellos
CPV:	72000000 (servizos TI: Consultoría, desenvolvemento de software, internet e apoio).

MEMORIA XUSTIFICATIVA_1.9

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):CYWX3LKA7AKP5KK5



	72600000 : (Servizos de apoio informático e de consultoría)	
Lote	<input checked="" type="checkbox"/> NON	<p><u>Xustificación:</u></p> <p>O Xefe do Servizo de novas Tecnoloxías informa que non é factible a división en lotes deste contrato dado que non é posible a realización independente das prestacións do mesmo desde o punto de vista técnico que precisa que exista unha coordinación na execución das mesmas, cuestión que non é posible levar a cabo por unha pluralidade de contratistas independentes dada a especificidade do contrato.</p> <p>Todos os módulos do sistema deben ter a máxima integración posible entre eles, dado que as persoas usuarias deben poder interoperar de maneira que exista continuidade nos procedementos nos que intervén persoal de distintos servizos e sexa posible dispor de toda a información necesaria para tramitalos en tempo real.</p> <p>Polo tanto a interoperabilidade que debe presentar a solución e a complexidade técnica que conleva o axuste de cada un dos módulos da mesma, fai inviable a división do obxecto do contrato en distintos lotes considerando este un dos motivos válidos que recolle a Lei no seu artigo 99.3 para a non división en lotes.</p>
Admisión de variantes:	<input type="checkbox"/> SI, estableceranse no prego. <input checked="" type="checkbox"/> NON	

4. Duración

PRAZO DE EXECUCIÓN PRAZO DE DURACIÓN

O prazo de duración é de 2 anos.

A data de inicio será o 15/02/2022, sempre e cando o contrato estivese formalizado en dita data. No seu a data de inicio será a de formalización do contrato ou a data indicada no documento de formalización.

Prórroga/s: SI NON Número: 1 Duración: 2 anos

5. Orzamento base de licitación:

(límite máximo de gasto, incluído IVE):

484.000,00€

6. Valor estimado:

(importe total, sen IVE, estimado como pagadoiro)

800.000,00€

MEMORIA XUSTIFICATIVA_1.9

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):CYWX3LKA7AKP5KK5

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO • Pazo provincial • Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra • Teléfono: +34 986 804 100 • contratacion@depo.es • www.depo.es



O desglose de prezos de acordo co establecido no informe de inicio do expte. CSV G1WTHC3AGGYI3UWX, é o seguinte:

Custes directos	
Salarios e seguridade social, 1 técnico A1 (26.790,31€ + 8.572,90€), 1 técnico BII (25.189,02€ + 8.060,49€) e 5 técnicos DII (81.946,30 € + 26.222,82 €)	176.781,84 €
Desprazamentos	2.912,68 €
Custes indirectos	
Custes indirectos (5%)	8.984,73 €
Total (custes directos + custes indirectos)	188.679,25 €
Beneficio empresarial (6%)	11.320,75 €
Total un ano	200.000,00 €
Total dous anos	400.000,00 €
TOTAL unha prórroga (2 anos)	800.000,00 €

7. Prezo:

a. Sistema de determinación:

PREZOS UNITARIOS PREZO A TANTO ALZADO PREZOS PROVISIONAIS

b. Revisión:

SI NON

c. Pago:

TOTAL PARCIAL(mensual) MEDIANTE ABONOS A CONTA NOS VENCEMENTOS ESTIPULADOS

8. Procedemento:

a. Tramitación: ANTICIPADA ORDINARIA URXENTE* DE EMERXENCIA

* Nota importante: De conformidade co establecido no artigo 119 LCSP, no caso de tramitación urxente, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse a metade, coas salvidades sinaladas en dito artigo. O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a súa formalización.

b. Xustificación da urxencia ou emerxencia:

X NON PROCEDE.

c. Órgano competente:

PRESIDENTA*

*Competencia delegada no DEPUTADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA, E ORAL (Resolución Presidencial núm. 2019014186, de 1 de agosto do 2019, de delegación das atribucións da Presidencia, modificada mediante Resolución Presidencial número 2020003407, de 27 de maio de 2020).

XUNTA DE GOBERNO (Base núm.16.2 das Bases de Execución do Orzamento 2021, de delegación das competencias da Presidencia).

MEMORIA XUSTIFICATIVA_1.9

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):CYWX3LKA7AKP5KK5

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO • Pazo provincial • Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra • Teléfono: +34 986 804 100 • contratacion@depo.es • www.deputacionpontevedra.es



PLENO.

d. Procedemento de adxudicación:

- | | |
|--|---|
| <input checked="" type="checkbox"/> ABERTO | <input type="checkbox"/> LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN |
| <input type="checkbox"/> ABERTO SIMPLIFICADO | <input type="checkbox"/> NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE |
| <input type="checkbox"/> ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Art. 159.6 LCSP) | <input type="checkbox"/> DIÁLOGO COMPETITIVO |
| <input type="checkbox"/> RESTRINXIDO | <input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN |

e. Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:

Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o seguinte:

- | | |
|--|--|
| <input checked="" type="checkbox"/> Procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 167 LCSP. |
| <input type="checkbox"/> Concorrencia das condicións do artigo 159.1 LCSP. | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 168 LCSP. |
| <input type="checkbox"/> Concorrencia das condicións do artigo 159.6 LCSP. | <input type="checkbox"/> Suposto do artigo 177 LCSP. |

Xustificación: Maior axilidade. Solicitado polo Servizo Xestor.

9. Criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira.

Os medios para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional poderanse realizar mediante a achega dos documentos que a Lei establece entre os previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

Criterio de solvencia económico-financiera: Volume anual de negocios (art.87.1 LCSP)

Determinación: Unha vez e media ou valor do contrato (art.87.1 a) LCSP)

Criterio de solvencia técnica ou profesional:

- Relación das obras executadas no curso dos derradeiros cinco anos (art.88.1 a) LCSP)
- Relación das principais subministracións realizadas no curso dos derradeiros tres anos (art.89.1 a) LCSP)
- Relación dos principais servizos ou traballos realizados no curso dos derradeiros tres anos (art.90.1 a) LCSP)

Determinación: O importe anual acumulado non ano de maior execución debe ser igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato. (art. 88.3 /89.3/90.2 LCSP)

***Criterio de solvencia técnica ou profesional para as empresas de nova creación** (antigüidade inferior a cinco anos):

<input type="checkbox"/> SI	<p><u>Motivo:</u></p> <p><input type="checkbox"/> Contrato de obras de valor estimado inferior a 500.000,00 euros.</p> <p><input type="checkbox"/> Contrato de servizo/subministración non suxeito a regulación harmonizada.</p>
	<p><u>Determinación:</u></p>

MEMORIA XUSTIFICATIVA_1.9

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):CYWX3LKA7AKP5KK5



Declaración indicando maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, ao que se xuntará a documentación acreditativa pertinente cando sexa requirida polos servizos dependentes do órgano de contratación.

NON

Coa solvencia seleccionada preténdese asegurar a capacidade da empresa contratista para facer fronte ás obrigacións que poda contraer, e garantir que dispón dos medios materiais, persoal, cualificación, coñecementos, fiabilidade e experiencia axeitados para acometer, con garantías de éxito, a execución do contrato.

Esta necesidade de solvencia indicárase no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallárase nos pregos, de xeito que os criterios estean perfectamente determinados conforme aos referenciados na propia Lei, e relacionados co importe e obxecto do contrato.

10. Criterios de adxudicación do contrato:

a. Pluralidade de criterios:

SI: Mellor relación calidade-prezo

SI: Mellor relación custe-eficacia

NON

Co obxecto de promover a axilidade e obxectividade nos procedementos, optárase, como regra xeral, por incluír criterios avaliábles mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, xa sexan criterios cualitativos ou económicos. Os criterios avaliábles mediante xuízos de valor soamente incluíranse nos pregos a petición do servizo xestor, sempre que xustifique nun informe a súa necesidade e repercusión directa na execución do contrato.

Propóñense criterios de xuízo de valor e etiquetas polo servizo xestor no documento anexo á proposta de contratación, ao considerar que achegan maior calidade aos traballos e estar vinculados co obxecto do contrato.

b. Xustificación:

NON PROCEDE.

c. Fórmula:

Establécese nos pregos.

NON PROCEDE.

d. Xustificación da fórmula:

A elección da fórmula ven motivada por considerar que garante a selección da oferta economicamente máis vantaxosa tal e como se establece no artigo 1 LCSP. Esta fórmula incentiva ás empresas licitadoras a propor a mellor baixa posible para tentar que dita baixa sexa superior á baixa media de todas as presentadas (bm), establecendo para iso dous tramos (un para as baixas que son inferiores ou iguais á baixa media, e outro para as baixas superiores a dita baixa media) nos cales as elasticidades das puntuacións presentan diferentes comportamentos de forma gradual, obtendo unha maior puntuación e de forma progresiva aquelas baixas que son superiores á baixa media.

Valores anormais

MEMORIA XUSTIFICATIVA_1.9

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):CYWX3LKA7AKP5KK5

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO • Pazo provincial • Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra • Teléfono: +34 986 804 100 • contratacion@depo.es • www.depo.gal



Basease a determinación da desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo, xa que os demais criterios non se consideran transcendentales para estes efectos.

NON PROCEDE.

e. Melloras: SI, estableceranse no prego. NON

11. Condicións especiais de execución:

Por mandato do artigo 70 da Directiva 2014/24, o art. 202 LCSP concede aos órganos de contratación a posibilidade de establecer, nos pregos, condicións de execución dos contratos de tipo social, ambiental e de innovación, establecendo a obriga de que en todos os pregos se inclúa polo menos unha.

Por este motivo, nas cláusulas particulares do prego estableceranse varias condicións especiais, que pretenden, entre outras cousas, preservar a linguaxe inclusiva, asegurar o pagamento ás empresas subcontratistas ou que as condicións de traballo se rexan polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente.

12. Outras indicacións:

a. Redacción dos pregos:

Deberanse redactar uns pregos, que poderán incluír cales queira pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, tendo en conta que o contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigacións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, no xeito que resulte da proposición do adxudicatario.

b. Preparación do expediente:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que vaian a rexer o contrato, o certificado da existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención. Completado o expediente, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. A devandita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, e deberá publicarse no perfil do contratante.

c. Inicio da licitación:

Publicarase un anuncio de licitación, segundo o establecido no artigo 135 LCSP, no que se indicará o prazo aprobado polo órgano de contratación para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación, segundo corresponda, que en todo caso deberá respectar os seguintes prazos mínimos:

- PROCEDIMENTO ABERTO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, concesión de obras e concesión de servizos: 26 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



- PROCEDIMIENTO ABERTO SARA:** En obras, subministracións e servizos, 35 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. Dito prazo poderá reducirse a 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, de conformidade co artigo 156.3.c) LCSP, dado que a presentación de ofertas se realiza por medios electrónicos.

En concesión de obras e concesión de servizos: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

- PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO:** 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Artigo 159.6 LCSP):** 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En compras correntes de bens dispoñibles no mercado, 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO NON SARA:** 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación.
- PROCEDIMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO SARA:** 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- PROCEDIMIENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN NON SARA:** 20 días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.
- PROCEDIMIENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN SARA:** 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación.
- PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE:** Neste procedemento non se realizará anuncio de licitación previa. Os prazos mínimos para a presentación de ofertas serán de 10 días naturais, a contar desde o envío da invitación.

d. Publicidade:

- Perfil do contratante. Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa aos seus procedementos de contratación no seu perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Nos procedementos negociados sen publicidade publicarase a adxudicación e formalización do contrato no Perfil do contratante.

- Diario Oficial da Unión Europea.
- Outros: Vortal.

O que se informa aos efectos oportunos.

(Documento asinado electronicamente).

MEMORIA XUSTIFICATIVA_1.9

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):CYWX3LKA7AKP5KK5

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO • Pazo provincial • Avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra • Teléfono: +34 986 804 100 • contratacion@depo.es • www.depo.es

